



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL *Comunicación e Xestión Cultural*

Praza da Soidade, s/n. - 27001 LUGO Telf.: 982 24 21 12 Fax: 982 240 240
info@museolugo.org / www.museolugo.org

CONVOCATORIA

Inauguración da exposición: Barriga Verde, de feira en feira

Mañá, venres, **12 de setembro, ás 20:00 horas**, o vicepresidente da Deputación de Lugo, Antonio Veiga, inaugura a exposición “*Barriga Verde, de feira en feira*” na sala de exposicións Pazo de San Marcos (sede da Deputación de Lugo). Participan no acto Anxo García, presidente da *Asociación Cultural Morreu o Demo*, Comba Campoy, secretaria da *Asociación Cultural Morreu o Demo* e comisaria da exposición, e Alfonso Silvent, representante dos prestadores das pezas orixinais de *Barriga Verde*.

Esta exposición pretende mergullar os visitantes no fantástico mundo no que naceu *Barriga Verde*, o último monicreque popular galego.

Ao longo das súas salas propónse un percorrido polo mundo no que se desenvolveu este espectáculo, o das feiras tradicionais, acontecemento festivo por excelencia en Galicia até a década de 1960. Así mesmo, condúcenos polas *bambalinas* da barraca para coñecer os segredos dos titereiros que fixeron posible a maxia destes títeres até a súa desaparición, case ao mesmo tempo que aquelas feiras que aínda lembran os nosos maiores, de cando o cinema e a televisión aínda non eran as principais fábricas de soños.

O último representante desta tradición en Galicia foi **Barriga Verde**, boneco e marionetista a un tempo, cuxa memoria permanece aínda indeleble en moitas e moitos lucenses que acudían á súa cita fiel co San Froilán.

Esta exposición, encadrada no “Proxecto Barriga Verde” da **Asociación Cultural Morreu o Demo**, pretende rescatar o heroe galego de cachaporra do seu inxusto ostracismo, e vai permanecer aberta ao público ata o 15 de outubro

Programación complementaria

No período que vai permanecer aberta a mostra ao público, vanse desenvolver diversas actividades, ben na propia sala onde se exhibe, ou no salón de actos da Deputación.

-Obradoiro de construción e manexo de títeres.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

Será o 17 de setembro, a partir das 17 h., na propia sala de exposicións. Para un máximo de 25 nenos e nenas entre 6 e 14 anos.

-Presentación das obras, o libro-DVD “*Morreu o demo, acabouse a peseta*” e “*José Silvent Martínez, o mítico Barriga Verde*”

O 18 de setembro, ás 20:00 h., na propia sala de exposicións.

-Proxección do documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta* (78’) dirixido por Pedro Solla e producido por Tintimán Audiovisual

O 30 de setembro, ás 20.00 h., no salón de actos da Deputación de Lugo.

A entrada é de balde para todos estes actos e actividades.

Lugo, 11 de setembro de 2014



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo
